

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 11 DE XULLO DE 2005

### **1.- Solicitud de licencias.**

#### **Favorables.-**

561/04.- José María Antonio Iglesias Vilas.- Rehabilitación e apertura (LAP/69/04) de casa de Turismo Rural no Lugar de Vilamaior.-

1998/04.- Construcciones Aldemunde, S.L.- Modificación de licencia para retellado da cuberta e reforma interior na R/ Costa Vella núm.17.-

835/05.- Severino Romay Ferro.- Legalización de modificacións executadas en vivenda unifamiliar executada na parcela 666 do PERI de Cornes, no Barrio de Cornes núm.25.-

### **6.- Proposta da Concelleira Delegada da OMIC relativa a aceptación de subvención.**

Acórdase aceptar dúas subvencións do Instituto Galego de Consumo por importe de 6.504,47 e de 6.577,20 para, respectivamente, o funcionamento da OMIC eos programas específicos que contribúan á defensa, protección e promoción dos intereses dos consumidores e usuarios para o 2005.

### **7.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica e Emprego relativa á solicitude do obradoiro de emprego "Enerxías Renovables".**

Acórdase aprobar o Proxecto de Obradoiro de Emprego "Enerxías Renovábeis" e solicitar a subvención correspondente para o seu desenvolvemento.

### **8.- Proposta do Concelleiro Delegado de Política Lingüística relativa a aprobación do programa de coordinación educativa coa USC.**

Apróbbase o programa de coordinación educativa coa USC formalizado nun convenio de colaboración para a realización de prácticas de alumnado das titulacións de Filoloxía Galega e Filoloxía Portuguesa no Departamento de Lingua do Concello. Acórdase reservar o crédito correspondente á dotación de 3 bolsas, que ascende a 8.100 euros para o curso 2005-2006.

### **10.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa a programa de Verán 2005 (Campamento Urbano e Escola de Verán).**

Apróbbase a proposta de actividades para o desenvolvemento da 2ª edición da escola de Verán 2005 no mes de setembro, que ascende a 9.000 euros, así como o programa de actividades do Campamento Urbano que desenvolverá do en colaboración a Asociación Xuvenil de Cruz Vermella, do 11 ao 29 de xullo no CEIP Pío XII.

### **11.- Proposta do Concelleiro Delegado de Relacións Veciñais relativa ó outorgamento de subvencións para os proxectos de actividades programadas polas asociacións veciñais.**

Apróbbase a asignación de cantidades ás 34 entidades veciñais que presentaron a solicitude e axuntaron a documentación requirida. A cantidade total que figura na convocatoria pública é de 80.000 euros, a repartir entre as 34 entidades. As axudas formalizaranse mediante un convenio de colaboración que terá vixencia no ano 2005 entre o Concello de Santiago e as entidades beneficiarias, no que se regularán as condicións e obrigas asumidas por estas.

**12.- Dar conta da sinatura de Convenio de colaboración entre o Consorcio da cidade de Santiago de Compostela e o Concello de Santiago.**

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, asinado o 7 de xuño de 2005 que ten por obxecto a colaboración do Consorcio na execución da intervención no castelo de A Rocha no ano 2005 cunha aportación por parte desta institución de 150.000 euros.

**14.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á prórroga do contrato de alugueiro de local na rúa Presidente Salvador Allende para ampliación das oficinas municipais de recadación.**

Acórdase a devandita prórroga polo prazo dun ano a contar desde o 1 de xullo de 2005 co correspondente incremento do IPC:

**15.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación da prestación do servizo de desenvolvemento das actividades do Programa FERRADURA ABERTA 2005.**

Adxudícase a prestación deste servizo a M<sup>a</sup> Carme García Vicente por importe de 30.00 euros, IVE incluído.

**16.- Adxudicación do deseño, montaxe e realización do Espectáculo nocturno das festas patronais 2005 da Cidade de Santiago de Compostela.**

Adxudícase a licitación de referencia á empresa PIROTECNICA ZAMORANO CABALLER S.A., polo importe de 176.400 euros, IVE incluído.

**17.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas en relación coa asistencia técnica para a dirección das obras do polideportivo cuberto do SUNP-17 do Restollal (Paxonal).**

Acórdase declarar a nulidade parcial do acordo nº 13 da Xunta de Goberno Local de data 6 de setembro de 2004, no que afecta ao inicio do procedemento de contratación da asistencia técnica para a dirección das obras de construción do polideportivo cuberto do SUNP-17 do Restollal, conservando a aprobación do gasto do mesmo por importe de 14.416,89 euros, IVE incluído. Ademais, acórdase proceder ao pagamento das cantidades correspondentes aos traballos xa executados e autorizar a continuidade da dirección de obra de Juan Moreno Badía, na parte pendente de executar, que deberá facturar axustándose ao normal desenvolvemento da mesma.

**18.- Proposta do Concelleiro Delegado de Facenda relativa á revisión de tarifas dos aparcamentos de Praza de Vigo e Romero Donallo.**

Autorízase a revisión das tarifas dos aparcamentos públicos de Romero Donallo e Praza de Vigo para a súa aplicación a partir da data de aprobación. As novas tarifas quedan como segue:

**ROMERO DONALLO**

TEMPO	TARIFAS
15	40
30	75

45	110
60	<b>140</b>
75	170
90	200
105	230
120	<b>260</b>
135	290
150	320
165	<b>350</b>
180	<b>380</b>
195	410
210	440
225	<b>470</b>
240	<b>500</b>
255	530
270	560
285	<b>590</b>
300	<b>620</b>
315	650
330	<b>680</b>
345	<b>710</b>
360	<b>740</b>
375	770
390	<b>800</b>
405	830
420	860
435	890
450	920
465	950
480	980
495	1005
510	1030
525	1055
540	1080
555	1105
570	1130

585	1155
600	1180
MAIS	1180

**PRAZA DE VIGO**

TEMPO	TARIFAS
15	35
30	60
45	90
60	120
75	145
90	170
105	195
120	220
135	245
150	270
165	295
180	320
195	345
210	370
225	395
240	420
255	445
270	470
285	495
300	520
315	545
330	570
345	595
360	620
375	645
390	670
405	695

420	720
435	745
450	770
465	795
480	820
495	845
510	870
525	895
540	895
555	895
570	895
585	895
600	895
MAIS	895

**20.- Proposta do Concelleiro Delegado de Reforma Administrativa relativa á adquisición de 40 licencias de Citrix Advanced.**

Apróbase a adquisición de 40 licencias de Citrix Advanced polo importe de 11.971,79 euros,

**21.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do proxecto, prego e inicio do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto de Actuacións puntuais en Pelamios-Morón.**

Acórdase aprobar proxecto, o prego de cláusulas administrativas e inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 58.324,32 euros (IVE incluído).

As obras consisten na execución de reparación de beirarrúas, reparación de lousas de formigón, colocación de rexilla e recollida de sumidoiros e rebacheo en zonas de aglomerado.

**22.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento e saneamento no lugar de Fraiz (Vilvestro).**

Acórdase aprobar o citado proxecto e a adxudicación das obras á empresa AQUAGEST, por importe de 12.782,11 euros ( IVE incluído), cun prazo de duración dun mes.

**23.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación das obras de ampliación da rede de abastecemento na rúa Cancelas.**

Apróbase o citado proxecto e a adxudicación das obras á empresa AQUAGEST, por importe de 27.056,71 euros (IVE incluído) cun prazo de duración dun mes.

**24.- Proposta do Concelleiro Delegado de Infraestruturas relativa á aprobación do prego e inicio do expediente de contratación das obras de ampliación da rede de saneamento na Corredoira dos Bois (San Lázaro).**

Apróbase o citado proxecto e prego de cláusulas administrativas así como o inicio do expediente de contratación de referencia, cun tipo de licitación de 52.236,77 euros,( IVE incluído).

**27.- Ratificación do Protocolo entre o Concello de Santiago de Compostela e o Instituto Galego da Vivenda e Solo para a creación do parque empresarial de Lavacolla.**

Acórdase a ratificación do devandito convenio.